



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

CONVOCATORIA DA PRESTACIÓN SOCIAL MUNICIPAL PARA TRANSPORTE ESCOLAR DO CONCELLO DE BOIMORTO

Extracto do Decreto de Alcaldía n.º 441/2023 de data 12/09/2023, polo que se convoca a axuda: “Prestación social municipal para transporte escolar do Concello de Boimorto”.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3 b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria de axudas municipais para transporte escolar.

Primeiro.- Beneficiarios

Persoas físicas pai, nai ou titor dun ou varios nenos/as que reúnan os requisitos recollidos nas bases.

Segundo.- Obxecto.

A presente convocatoria ten por obxecto a tramitación e concesión de subvencións destinadas a familias para facer fronte ós gastos de transporte escolar para o curso académico 2022-2023.

Terceiro.- Bases reguladoras

As bases da presente subvención serán as que figuran na ordenanza específica municipal (Publicadas no BOP núm. 183 de data 26.09.2019, coas especialidades indicadas no presente extracto da convocatoria.

http://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2019/09/26/2019_0000007630.html

Cuarto.- Contía

Contía da subvención: 250 euros por alumno e ano académico.

Destinarase un importe de 3.500 €uros con cargo á aplicación presupostaria 326.48900

Quinto.- Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será de quince días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia do extracto da Base Nacional de datos de subvencións da presente convocatoria. O prazo terá carácter improrrogable.

Boimorto, 12 de setembro de 2023

A alcaldesa

Asdo.- María Jesús Novo Gómez

